

Anuncio

Aprobada definitivamente a ordenanza de limpeza e ornato público o non haberse presentado reclamacións ou suxerencias durante a súa exposición pública, transcribese a continuación xunto co acordo adoptado polo Pleno en sesión de 01/02/08.

5.- ORDENANZA DE LIMPEZA E ORNATO PÚBLICO. PROPOSTA DA ALCALDÍA.

Por Secretaría de orde da Presidencia, deuse conta o Pleno do estado actual do expediente para a aprobación da ordenanza de limpeza e ornato público que consta no expediente obrante na Secretaría.

Vista a proposta da Alcaldía na que se sinala”

1. Que se aprrobe a ordenanza de limpeza e ornato público do Concello de Riotorto.

2. Expoñer a citada ordenanza o público por un período de 30 días hábiles mediante anuncios insertos no BOP e no taboleiro de anuncios para a presentación de reclamacións ou suxerencias, dándose audiencia durante o citado prazo aos interesados. As reclamacións e suxerencias serán resoltas polo Pleno.

3. En caso de non presentarse reclamacións ou suxerencias entenderase aprobado o acordo ata entón provisional e en consecuencia aprobada definitivamente a ordenanza.

Considerando que o expediente consta co informe favorable de Secretaría e da Comisión de Asuntos Xerais do Pleno.

Aberto o turno de deliberacións pola Presidencia, o Sr. Alcalde manifesta: “Pretendemos que moitas fincas e solares do casco urban e dos núcleos rurais estean limpos, estean en boas condicións. Tamén pretendemos con esta ordenanza regular outros aspectos como a recollida de lixo, a limpeza viaria ou a pegada de carteis. Pretendemos dotarnos dun instrumento legal para conseguir os obxectivos que na ordenanza se plantexan”.

Pechado o turno de deliberacións pola Presidencia, o Pleno por unanimidade e en votación ordinaria dos seus membros presentes acorda aprobar a proposta da Alcaldía citada.

A ordenanza consta no expediente obrante na Secretaría Municipal.

ORDENANZA DE LIMPEZA E ORNATO PÚBLICO

TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO I- OBXECTO E REGULACIÓN LEGAL

Artigo 1º.- A presente ordenanza ten por obxecto a regulación no termo municipal de Riotorto das seguintes actuacións e actividades:

a. Limpeza de vías e espazos públicos e solares de propiedade municipal así como a inspección dos solares de propiedade pública ou privada.

b. A prevención do estado de sucidade do Concello producido como consecuencia de manifestacións públicas na rúa e limpeza dos bens de dominio público municipal.

c. A recollida do lixo e de residuos sólidos urbanos.

d. A recollida de transporte de materiais residuais.

CAPÍTULO II.- DA LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA

Artigo 2.-

A limpeza da vía pública será realizada pola Administración municipal ben directamente ou a través de empresa concesionaria, coa frecuencia e nas formas que o Concello determine. A limpeza das rúas e solares de dominio privado deberá efectuarse polos seus propietarios.

Artigo 3.-

Corresponde aos propietarios e no seu caso a quen habite os inmobles, manter limpos os patios de luces e mazás. Queda expresamente prohibido que polas persoas que realicen a limpeza dos locais, portais ou edificios, o arroxar ás beirarrúas os restos que barran dos interiores. Igualmente queda prohibido baldear con auga, xabón ou lexía da limpeza dos interiores na vía pública.

Prohíbese o depósito na rede de alcantarillado, pozos ou rexistros de calquera produto resultante da limpeza urbana.

Artigo 4.-

A limpeza de solares corresponderá aos propietarios dos mesmos, sen prexuízo da obriga de proceder ó seu valado na forma que regulamentariamente se estableza nas ordenanzas municipais. Dende os solares particulares non pode sobresaír á vía pública ningunha clase de silveiras, mirtos, matorrais ou outra clase de vexetación.

Artigo 5.-

Prohíbese arroxar dende fiestras ou portais á vía pública todo tipo de residuos, como colillas, cáscaras, papeis ou calquera outro desperdicio similar. Os usuarios deberán absterse de toda manipulación sobre as papeleiras, movelas, volcalas ou arrancalas, así como calquera outro acto que deteriore a súa presentación ou as faga inutilizables para o uso a que están adicadas.

A instalación, mantemento e reposición das papeleiras realizarase polo Concello ou pola empresa concesionaria. Os danos causados nas papeleiras serán sufragados polos que os tivesen ocasionado, sen prexuízo das sancións da presente ordenanza.

Os danos que se causen nas árbores ou noutro tipo de mobiliario urbano serán asemade sufragados polos causantes dos mesmos, independentemente das sancións que correspondan.

Artigo 6.-

Queda prohibido realizar calquera tipo de operación que poida ensuciar as vías e espazos libres públicos e de xeito especial:

- Lavar ou limpar vehículos, así como cambiar nos mesmos o aceite e outros líquidos.
- Manipular ou seleccionar os residuos sólidos urbanos, producindo a súa dispersión e dificultando a recollida.

Concretamente no núcleo urbano que conte con encintado de beirarrúas, queda prohibido:

- Sacudir prendas ou alfombras na vía pública ou sobre a mesma dende fiestras ou balcóns, agás entre as 23:00 e as 07:00 horas.

- Ter roupa tendida á vía pública sen prexuízo da prohibición xenérica de instalar tendedeiros nas fachadas dos inmobles.

Artigo 7.-

Queda prohibido repartir ou lanzar carteis, folletos ou follas soltas, ensuciando os espazos públicos. Terán a consideración de acto independente a efecto de sanción cada actuación separada no tempo e no espazo, contraria ó establecido no número anterior, sendo responsables da infracción aquelas persoas físicas ou xurídicas que promovan ou xestionen a publicidade, e no seu defecto, aquelas a favor das que se fai a mesma.

Artigo 8.-

Quen estea á fronte de quioscos ou postos autorizados na vía pública, están obrigados a manter limpo o espazo que utilicen e as súas proximidades durante o horario de actividade e a deixalo no mesmo estado unha vez finalizada a mesma.

A mesma obriga incumbe ós propietarios dos cafés, bares e establecementos análogos en canto á superficie da vía ou espazo libre de público que se ocupe con mesas, sillas, etc. como a beirarrúa correspondente á lonxitude da fachada, debendo retirar todo tipo de envases, plásticos e papeleiras no momento de peche do establecemento.

En caso de reiterado incumprimento, ademais das sancións, procederase á retirada da licenza.

Artigo 9.-

Rematada a carga e descarga de calquera vehículo, procederase a limpar as beirarrúas e calzadas que tivesen sido ensuciadas durante a operación, retirando da vía pública os residuos verquidos.

Están obrigados ao cumprimento deste precepto os donos dos vehículos e subsidiariamente, os titulares dos establecementos ou fincas onde tivese lugar a carga e descarga.

Artigo 10.-

O persoal do establecemento que utilice para o seu servizo vehículos e os estacionen na vía pública, deben limpar debidamente e coa frecuencia necesaria, o espazo ocupado polo mesmo.

Artigo 11.-

Os vehículos utilizados en zonas de obras deben deixar limpas de restos as vías públicas polas que transitan. Antes de saír á vía pública deberá procederse ó lavado dos baixos e rodas.

Artigo 12.-

Nas obras nas que se produzan cantidades de escombros superiores a 1 m³, terán que utilizarse para o

seu almacenamento na vía pública contedores axeitados para os que se contará coa preceptiva licenza municipal. Queda prohibido tamén realizar acopio de materiais para as obras nas vías públicas ou nas beirarrúas por prazo superior a un día, para o que se solicitará a oportuna licenza municipal de ocupación de vías.

Artigo 13.-

As persoas que conduzan cans polas vías e espazos públicos, ademais de levalos atados e con bozal, e cumprir os demais requisitos establecidos nas disposicións legais vixentes, deberán levar obrigatoriamente unhas bolsas e un recolledor, ou accesorios similares para a recollida e limpeza das defecacións.

No caso de que as defecacións queden depositadas nas beirarrúas, xardíns e zonas destinadas ao tránsito peatonal, a persoa que conduza o animal está obrigada á súa limpeza inmediata e deberá, debidamente empaquetada, depositala en papeleiras ou contedores de lixo.

CAPÍTULO III

Artigo 14.-

No núcleo urbano que conte con encintado de beirarrúas, cando se realice a limpeza de escaparates, portas, marquesinas, toldos e cortinas dos establecementos comerciais, adoptaranse as debidas precaucións para non causar molestias aos transeúntes nin ensuciar a vía pública. Se, non obstante, esta fora ensuciada, os donos dos establecementos estarán obrigados á súa limpeza retirando os residuos resultantes.

Iguais precaucións deben tomarse para a limpeza de balconadas e terrazas, así como o rego de plantas instaladas nos mesmos, permitíndose unicamente en horario de 23:00 a 07:00 horas.

Artigo 15.-

Co obxecto de manter as condicións de limpeza e pulcritude que existe, o ornato e a estética do municipio, queda prohibido:

a) Colocar carteis e realizar inscricións ou pintadas en paredes, muros, quioscos, fachadas, farolas, verxas, valados, papeleiras, etc.

b) Resgar, ensuciar ou arrancar aqueles carteis ou anuncios sitos nos lugares e emplacements autorizados ao efecto.

Consideraranse separadamente como actos sancionables as actuacións contrarias ao disposto no punto anterior en relación cos anuncios e carteis de calquera contido fixados en cada inmovle ou demais lugares prohibidos.

Artigo 16.-

Os propietarios ou titulares de inmobles, monumentos, quioscos... etc. coidarán en cumprimento da obriga establecida no art. 14, de manter limpas as paredes e fachadas de calquera tipo de anuncio que non sexa o específico dunha profesión ou actividade mercantil.

Artigo 17.-

Durante os períodos electorais legislativos e aqueles outros de xeral participación cidadán, nos que sexa per-

tinente a realización de actos de propaganda e publicidade, o Concello adoptará de conformidade co que dispoña a lexislación electoral, espazos especialmente reservados para a súa utilización como soporte publicitario.

TÍTULO II – RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS

CAPÍTULO I- NORMAS XERAIS

Artigo 18.-

A recollida de residuos sólidos urbanos será establecida polo Concello cos itinerarios, frecuencia e horario que se consideren oportunos e prestarase, ben directamente polo Concello ou a través de empresa concesionaria.

Artigo 19.-

Da recepción dos residuos sólidos farase cargo o persoal do Concello ou, no seu caso, a empresa concesionaria.

Ningunha persoa física ou xurídica poderá adicarse á recollida, transporte ou aproveitamento dos residuos sólidos urbanos e industriais asimilables, calquera que sexa a súa natureza, sen a previa concesión ou autorización municipal.

CAPÍTULO II

Artigo 20.-

Enténdese por residuos domiciliarios os que proceden da norma de actividade doméstica así como os producidos en establecementos comerciais que pola súa natureza e volume sexan asimilables ós anteriores.

Será obriga do servizo municipal de recollida ou da empresa concesionaria o baleirado dos contedores propios do servizo de limpeza que se utilicen para depositar os desperdicios procedentes das papeleiras.

Prohíbese a utilización por parte dos particulares dos contedores propios do servizo de limpeza.

Artigo 21.-

O depósito dos residuos domiciliarios farase obrigatoriamente no tipo de recipientes normalizados que en cada caso sinala o Concello e que serán suministrados polo Concello. Os comerciantes que polo volume de lixo precisen un maior número de contedores, deberán adquirilos pola súa conta, se ben deberán ser homologados polo Concello. Os usuarios de tales recipientes teñen a obriga de conservalos en axeitadas condicións de hixiene, non podendo ser lavados na vía pública.

As operacións de lavado e limpeza serán efectuadas periodicamente polo Concello ou empresa concesionaria, agás no caso dos contedores individuais que serán lavados e mantidos en bo estado polos usuarios dos mesmos.

Os titulares de establecementos que manexen ou utilicen produtos perecedoiros deberán depositar os residuos en contedores individuais, non podendo usar os comunitarios.

Artigo 22.-

Nas zonas en que existan recipientes normalizados, os veciños depositarán neles os residuos e o persoal do vehículo colector vaciará o contido dos recipientes no camión e depositaraos baleiros onde se atopaban. Prohíbese depositar o lixo nas datas en que o Concello indique como inhábiles no servizo.

Artigo 23.-

Na recollida de enseres realizarase na forma organizada por este Concello.

TÍTULO III – RÉXIME DISCIPLINARIO

CAPÍTULO I E NORMAS XERAIS

Artigo 24.-

O Concello a través do servizo de inspección, denunciará cantas infraccións se produzan en relación coa presente ordenanza. Igualmente, poderán denunciar as infraccións o persoal da empresa concesionaria do servizo. Toda persoa natural ou xurídica pode denunciar ante o Concello as infraccións da presente ordenanza.

Artigo 25.-

As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas na presente ordenanza serán esixibles non só polos actos propios senón tamén polos daquelas persoas das que se deba responder así como polo proceder dos animais dos que se fose propietario.

Cando se trate de obrigas colectivas, a responsabilidade será atribuída á respectiva comunidade de propietarios ou habitantes do inmovible, cando estea constituída. As denuncias formularanse contra a mesma ou persoa que ostente a representación.

Cando se trate de depósito de lixo ou de sacudida de alfombras ou prendas na rúa fóra de hora e non se poida detectar o infractor exacto do edificio, notificarase ó presidente da Comunidade de veciños, e poderá ser responsable a Comunidade caso de non comunicar o nome e domicilio do infractor.

Artigo 26.-

Consideraranse infraccións administrativas en relación coas materias a que se refire esta ordenanza os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves conforme se establece nos artigos seguintes.

CAPÍTULO II- PROCIMENTO SANCIONADOR

Artigo 27.-

Para impor unha sanción derivada dunha infracción recollida na presente ordenanza deberá incoarse o oportuno expediente sancionador. Terán o carácter de moi graves aqueles actos que afecten negativamente ao medio natural e a reincidencia na comisión de faltas graves. Terán carácter grave as accións e omisións que, quebrantando o preceptuado nesta ordenanza, supoñan non só o que se poderá cualificar como comportamento incívico senón que afecta ós bens de servizo e uso público municipal, causándolles un dano directo e de

importancia, ou cando exista un risco certo e igualmente importante. Asemade, terá carácter grave a reincidencia e reiteración de faltas leves. Terán carácter de leves as infraccións nas que a súa comisión supoña comportamentos contrarios ós usos e costumes e á boa educación sen que causen dano directo e de importancia ós bens de dominio público.

Artigo 28.-

Considerarase reincidente o titular da actividade que fose sancionado anteriormente unha ou máis veces polo mesmo concepto nos doce meses anteriores.

Artigo 29.-

O incumprimento do preceptuado na presente ordenanza será sancionado con multa de contía de 30 a 90 euros e con base á seguinte escala:

- Infraccións leves: 30 euros
- Infraccións graves: 60 euros
- Infraccións moi graves: 90 euros

Artigo 30.-

O procedemento sancionador aplicable rexerese polo establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro e as normas que o desenvolven.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira.- En todo o non establecido nesta ordenanza serán de aplicación as normativas e disposicións promulgadas ó respecto pola Xunta de Galicia e a lexislación do Estado.

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no BOP e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa polo Concello.

Riotorto, 11 de abril de 2008.- O Alcalde, Federico Xosé Gutiérrez Estoa.